



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A SOCIEDADE BENEFICENTE ROSALÍA DE CASTRO DE SAO PAULO, COA FINALIDADE DE CONTRIBUÍR Á ATENCIÓN DAS NECESIDADES SOCIO ASISTENCIAIS BÁSICAS DOS CIDADÁNS GALEGOS RESIDENTES EN SAO PAULO (BRASIL).

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Sociedade Beneficente Rosalía de Castro de Sao Paulo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 25 de outubro de 2021.

Que o presente Convenio é coherente co Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, correspondéndose co o seu Eixe E2: “Benestar das persoas e as familias e cohesión social” así como co seu obxectivo estratéxico OE02: “Impulsar os servizos sociais e prestacións á emigración galega e ás súas entidades, así como aos retornados, para garantir o seu benestar. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza das persoas inmigrantes e calquera forma de discriminación”.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes co fin de contribuír á atención das necesidades socio asistenciais básicas dos cidadáns galegos maiores residentes en Sao Paulo (Brasil), que por razóns de idade, estado físico ou situación de carencia, teñan problemas de autonomía persoal.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Sociedade Beneficente de Rosalía de Castro de Sao Paulo (Brasil) é unha entidade sen fins de lucro, rexistrada como centro colaborador no Rexistro de Comunidades Galegas da Secretaría Xeral da Emigración, que posúe un Centro de Asistencia Social que é unha obra de beneficencia, inaugurado o 22 de febreiro de 1983 co obxectivo de promover o apoio socio asistencial do adulto maior a través da súa atención integral con carácter de servizos preventivo, de saúde e asistencial.

Esta entidade asumiu como unha das súas actividades primordiais a prestación de atención social, entre outros, á colectividade de emigrantes galegos e aos seus descendentes residentes na cidade de Sao Paulo e municipalidades limítrofes, que se atopan nunha situación de necesidade, na súa maior parte, debido as circunstancias socio económicas nas que viven, e ven asistindo anualmente a un grupo que oscila ó redor de 20 persoas galegas.

A situación motivada pola pandemia causada polo virus da COVID-19 obriga a este tipo de entidades a levar a cabo diferentes accións para previr a súa transmisión comunitaria





que van desde aplicar diferentes protocolos de seguridade e hixiene ata realizar probas para a detección do virus, tanto a persoas acollidas como ó persoal que lles presta servizos, o que lles obriga a un importante desembolso en adquisicións de produtos de prevención, equipos de protección persoal, contratación extra de persoal, etc., co fin de extremar as precaucións e manter a asistencia ós anciáns acollidos como colectivo especialmente afectado.

A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrência pública.

Para o financiamento das actuacións previstas, a Secretaría Xeral da Emigración achegará quince mil euros (15.000€), con cargo á aplicación orzamentaria 04,30,312C,4810 e código de proxecto 2021 00007 -Axudas a entidades COVID 19- dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

A previsión, con carácter excepcional, da xustificación de pagos de gastos de escasa contía por importe inferior a 1.000 € mediante o recibo do provedor fundaméntase, por unha banda, na propia natureza da entidade sen fin de lucro, e na tipoloxía dos gastos que se subvencionan que teñen que afrontar con carácter inmediato, mediante o seu pagamento en efectivo a través da caixa da propia entidade, e por outra, pola propia operativa do sistema bancario e da normativa do país que non obriga a efectuar o pago deste tipo de gastos a través de entidades bancarias, admitindo como xustificante de pago a propia factura, sen máis, posto que esta non se emite ata que estea efectuado o seu pagamento, e os provedores dos bens ou servizos non efectúan o subministro se non se lle fai o pago en efectivo.

O interese público de colaboración no desenvolvemento desta actuación radica na pretensión de dar apoio aos emigrantes galegos, residentes en Brasil, que por cuestións de idade presentan problemas asociados e derivados desta circunstancia persoal.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no texto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

